



## CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F  
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

# ACTA DA UNIDADE TÉCNICA NA CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CON UN SÓ CRITERIO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA PARA A MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA E REDUCIÓN DE CONTAMINACIÓN LUMÍNICA E PROTECCIÓN DOS CEOS NOCTURNOS EN DIVERSAS INSTALACIÓNS DA ILUMINACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO DE BECERREÁ: AVENIDA DE SARRIA, ROLDA DE OUTEIRO, LAMAS, LIBER, SARCEADA, TORALLO E CASTELO.

## Expediente nº: 876/2024

Asisten:

- Presidente: Don Severiano Daniel Vázquez Prado, T.A.X., Xefe de sección de urbanismo, contratación e fomento.

- Vogais:

\* Don Manuel E. López Vázquez, Arquitecto Municipal.

\* Dona Carolina Isabel Fernández Lago, Secretaria-Interventora da Corporación.

- Secretaria: Dona Pilar Pérez López, funcionaria xefa de sección de contabilidade e tesourería.

En Becerreá, 10 de setembro de 2024.

Sendo as doce horas do día da data, reunese a unidade técnica, composta na forma anteriormente epigrafiada, para proceder á clasificación da documentación presentada polo licitador cuxa oferta se considerou inicialmente como anormalmente baixa.

Dase conta á mesa da documentación presentada por ELECWORK SL.

Seguidamente dase conta do informe emitido polo Sr. Arquitecto municipal do seguinte teor literal:

*“MANUEL EDUARDO LÓPEZ VÁZQUEZ, arquitecto municipal, colexiado 1508.*

*En relación co expediente de contratación da obra denominada MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA E REDUCIÓN DE CONTAMINACIÓN LUMÍNICA E PROTECCIÓN DOS CEOS NOCTURNOS EN DIVERSAS INSTALACIÓNS DA ILUMINACIÓN PÚBLICA DO CONCELLO DE BECERREÁ: AVENIDA DE SARRIA, ROLDA DE OUTEIRO, LAMAS, LIBER, SARCEADA, TORALLO E CASTELO, promovido polo Concello de Becerreá, redactado polo arquitecto que suscribe este informe e subvencionado pola ORDE da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, e para os efectos de valorar o documento denominado INFORME - JUSTIFICACIÓN PROPUESTA, presentada por ElecWork S.L, con CIF núm. B70023783, domiciliada en Oleiros, Rúa Eolo, 2 Polígono Industrial Icaria, no trámite de audiencia concedido á devandita empresa, informo:*

*En aplicación do artigo 149 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, procede a realizarse o presente informe como asesoramento técnico para os efectos de valorar a xustificación presentada pola empresa.*





**CONCELLO DE BECERREÁ**  
R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F  
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

*A empresa presentou un documento xustificativo da valoración da oferta precisando as condicións da mesma. Dita xustificación refire, entre outros, ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación.*

*A empresa presenta presuposto contradictorio analizando os prezos descompostos. Do mesmo se desprende que a partida máis relevante é a das luminarias, na que obtén un prezo reducido (cunha luminaria de distinta marca pero de similares prestacións), e xustificando o dito prezo coa oferta do suministrador que coincide coa incluída nos correspondentes descompostos.*

*Do anterior dedúcese que, considerando a xustificación efectuada polo licitador e a analizada neste informe, estímase que a oferta pode ser cumprida ao tratarse dunha baixa de escasa cuantía no total do contrato, polo que, a xuízo deste técnico, non procedería a exclusión da clasificación da oferta analizada.”*

Polo anteriormente exposto, resulta que a empresa proposta para a adxudicación do contrato é ELECWORK SL, que oferta un prezo de 23.900 euros, ao que corresponde por IVE a contía de 5.019 euros, totalizándose a oferta en 28.919 euros.

Para que así conste, levántase a presente acta no lugar e data expresada anteriormente.

(Documento asinado electrónicamente)

